

PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (CONVOCATORIA 2017)

- **REQUISITOS DE INSCRICIÓN**

Ter cumpridos 17 anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.

- **ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA**

• Parte sociolingüística	Organízase en tres probas: - Lingua castelá. - Lingua galega. - Ciencias sociais.
• Parte matemática	Organízase nunha única proba: - Matemáticas.
• Parte científico-técnica	Organízase en dúas probas: - Ciencias da natureza. - Tecnoloxía.

- **CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO**

A nota final da proba será a media aritmética destas, expresada con dous decimais, sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada unha das partes. Será positiva a cualificación de cinco puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como non apto/a.

No caso de superación da totalidade da proba, a devandita certificación dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio.

Para o alumnado que non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco, en futuras convocatorias durante un máximo de dous anos. As persoas interesadas en acollerse a esta posibilidade deberano acreditar no momento de formalizar a inscrición.

- **PRAZO E LUGARES DE INSCRICIÓN**

A solicitude de inscrición irá dirixida ao director ou á directora de calquera centro docente público da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2016/17.

O prazo de presentación estará abranguido entre os días 13 e 23 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos.

As solicitudes deberán presentarse en papel, no centro de inscrición, utilizando o **formulario normalizado (código de procedemento ED312C) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.**

As persoas interesadas tamén poderán cubrir a solicitude a través da aplicación dispoñible desde a páxina web **<http://www.edu.xunta.es/fp>**, que xerará a solicitude que a persoa interesada deberá imprimir e posteriormente presentar no centro de inscrición.

Pódese acceder a toda a información da convocatoria no seguinte enlace: **<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual>**

O centro de inscrición elixido pola persoa solicitante tomarase como referencia para a asignación da sede de realización da proba de acceso.

- **REALIZACIÓN DAS PRBAS DE ACCESO**

31 de maio de 2017, no seguinte horario:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 10.00 ás 13.00 horas: parte matemática e sociolingüística.
- Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica.

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu DNI e a copia da folla da solicitude de inscrición.

- **EXAMES DE MOSTRA:** Poden descargarse na seguinte dirección: www.edu.xunta.es/fp/exames